



CONCELLO DE
OLEIROS

RESOLUCIÓN

Por resolución nº 2021001801, do 21 de abril de 2021, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo para contratar ao persoal para o servizo de socorrismo e salvamento nas praias do concello de Oleiros para a campaña 2021 na que, entre outras categorías, figuraba a de seis socorristas terrestres (persoal sanitario).

Despois de rematar o prazo conferido para os efectos de reclamacións e correccións de defectos nas solicitudes.

No exercicio das facultades que se confiren ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que, por delegación, en virtude do DA nº 2019002619, do 20 de xuño, corresponden a esta tenencia de alcaldía;

RESOLVO:

1.- Excluir da listaxe de admitidos aprobada inicialmente á seguinte persoa, incluída inicialmente por erro:

APELIDOS E NOME	DNI
VIGO BARREIRO, ADRIAN	****6874F

2.- Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas para participar no procedemento selectivo de cinco patróns/as de embarcacións, coa corrección antedita, engadindo ao seguinte aspirante por corrixir os erros que foron causa da súa exclusión inicial:

APELIDOS E NOME	DNI
CASTRO VAAMONDE, DANIEL ANDRES	****0609K

3.- O tribunal cualificador do procedemento selectivo estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENCIA:

Titular: M^a Soledad de Arriba Docal

Suplente: Marcos Veiga Rodríguez

SECRETARÍA:

Titular: Alberto Armada Rodal

Suplente: Ricardo Pueyo Santillana

VOGAIS:

Titular: Juan M. Suárez Vilas

Suplente: Adalberto Robles García

Titular: Alfonso R. Díaz Pradedo

Suplente: Gerardo Vázquez Santiso





> PERSOAL E RRHH

CONCELLO DE
OLEIROS

Titular: José Novo Rodríguez
Suplente: Pedro Santiago López Caamaño

4.- De acordo coas bases da convocatoria, establecer o seguinte calendario das probas:

Fase de concurso:

Avaliación de méritos: O día 1 de xuño de 2021 ás 10.00 h. O tribunal a porta pechada.

Fase de oposición:

Proba de coñecementos: O día 2 de xuño de 2021 no Auditorio do Centro Cultural As Torres (Avda. Emilia Pardo Bazán, 17 Porto de Santa Cruz) ás 10.00 h.

Proba de piscina: O día 4 de xuño de 2021, na piscina municipal de Dorneda (rúa do Moucho, s/n, Dorneda). As horas dos chamamentos para a realización publicaranse na páxina web municipal o día anterior, antes das 18.00 h.

Proba práctica: O día 7 de xuño de 2021 no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo" (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros). As horas dos chamamentos para a realización publicaranse na páxina web municipal o día anterior, antes das 18.00 h.

Proba de coñecemento da lingua galega: O día 8 de xuño de 2021 no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo" (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros) ás 12.00 h. para aquelas persoas opositoras que deberan realizala a teor da documentación achegada en fase de presentación de instancias.

Normas de obrigado cumprimento

Ante a situación epidemiolóxica actual derivada da COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento destes exercicios, teranse en conta as seguintes normas:

- a) Os chamamentos dos/as participantes comezarán, nas horas enriba indicadas para cada unha das probas, por aquelas persoas aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "Y".
- b) Os/as aspirantes deberán vir provistos/as do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e dun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra no caso da proba de coñecementos.
- c) No día de realización da proba de piscina, antes do seu comezo, as persoas aspirantes deberán de entregar o informe médico ao que se refiren as bases da convocatoria con respecto ás probas identificadas como físicas. Os/as participantes que se presenten a varias categorías con probas deste tipo poderán entregar un único informe válido para todas.





> PERSOAL E RRHH

CONCELLO DE
OLEIROS

- d) Cada persoa participante deberá estar presente na entrada do acceso ás instalacións ou lugares nas que se leven a cabo as probas cunha antelación máxima de 5 minutos, non podendo permanecer neste lugar fóra do intervalo de tempo que dure o chamamento. Aquelas persoas que non estean presentes no momento do seu chamamento decaerán no seu dereito a participar nas probas.
- e) Non se permitirá a asistencia de acompañantes no entorno nin no interior das instalacións ou lugares de realización das probas. En todo momento, as persoas aspirantes deberán gardar e respectar a distancia interpersonal de seguridade de 1.5 metros.
- f) É obrigatorio o uso de máscaras e todos/as os/as aspirantes deberán traer as súas propias, que deberán ser das tipo cirúrxica ou FFP2. Unicamente deberán baixala un instante para facilitar a súa identificación no momento de acceso aos lugares no que se realicen as probas se así se solicita polos membros do tribunal e para realizar o exercicio de piscina.
- g) No momento do acceso, realizarase unha toma de temperatura a cada un/ha dos/as participantes para comprobar que esta non exceda de 37°C. Se isto sucedese, o/a aspirante non podería realizar a proba.
- h) Por parte do órgano de selección, en ningún caso se facilitará o material que, de acordo con estas instrucións, deben traer consigo os/as aspirantes. Aquelas persoas que incumpran calquera destes requisitos serán inmediatamente excluídas do procedemento selectivo.
- i) Se algunha persoa das participantes necesita un certificado de asistencia, deberá comunicalo a algún dos membros da organización e lles será enviado posteriormente a través dun correo electrónico ao enderezo que figura na súa instancia de participación.

De acordo co establecido nas bases, será necesario superar cada unha das probas para participar na seguinte. O resultados desta proba publicarase na páxina web do Concello (www.oleiros.es) antes das 18.00 h do día anterior ao da realización da seguinte proba. Se por causas de forza maior apreciadas polo tribunal, houbese que modificar o lugar, a hora ou a data de celebración dalgún exercicio, publicarase do mesmo xeito.

5.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e notificarlla aos membros do tribunal. Deixar constancia de que os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola concelleira delegada de Persoal, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

